

Fragamento de estela funeraria en Recebés (Santa María de Ois, Coirós)

XOÁN L. VÁZQUEZ GÓMEZ*

O fragmento de estela funeraria que aquí se da a coñecer ingresou, en concepto de donación, no Museo das Mariñas, de Betanzos, o día 14 de setembro de 1992, sendo rexistrado co número de inventario 1.287.

Informou do seu achádego o mestre de EXB, veciño de Tiobre (Betanzos), D. Luis Otero. Logo de comunicar esta nova o director do Museo, Alfredo Erias Martínez, á Dirección Xeral do Patrimonio, compareceron na casa de D. Jesús Cadaveira García (Lugar de Recebés, Parroquia de Santa María de Ois, Concello de Coirós) o informante, Alfredo Erias e Eugenio Rodríguez Puentes, Arqueólogo Territorial da Delegación de Cultura da Coruña¹.


A estela apareceu no propio lugar de Recebés, nas leiras chamadas do Pazo, propiedade do dito D. Jesús Cadaveira. As coordenadas cartesianas do lugar do achádego son 43° 13' 40" N. e 4° 25' 30" W. da folla 46, escala 1/50.000 do *Instituto Geográfico y Catastral*, Meridiano de Madrid. O lugar do descubrimento accédeuse pola estrada N-VI, Madrid-Coruña, desviándose no km. 571 á dereita (Lámina 1). Segundo informaron alí, a estela apareceu xa hai anos, ó rebaixar o terreo as máquinas da Concentración Parcelaria. Había tamén os restos dun longo muro dun metro de ancho, aproximadamente, que foi destruido.

A zona do achádego é moi rica en restos arqueolóxicos. Próximo ó lugar atópase o Castro de Xora. Non moi lonxe, en San Vicente de Fervenzas, localizouse un ara votiva de *Rufius Bassianus* adicada a Xúpiter (hoxe no Museo das Mariñas) e no monte da Espenuca existe outra estela, que sirve de dintel a un pequeno edificio existente diante da capela románica: un vaciado dela está no Museo das Mariñas. Na mesma estrada que conduce a Recebés, en Figueiras, km. 575, localízanse uns gravados rupestres cunha figura fíminina cos rasgos sexuais moi acentuados, posiblemente un santuario de culto á fecundidade. A 6 km., aproximadamente, localizouse a estela de Mazarelos (Oza dos Ríos) que está hoxe no Museo Arqueolóxico da Coruña e un vaciado no Museo das Mariñas. Xa un pouco más lonxe, a uns 20 kms., atópase o campamento romano de Cidadela. E probable que por esta zona, tan rica en restos arqueolóxicos de época romana, pasase unha via que unira *Lucus Augusti* coa costa noroccidental coruñesa, da que fala no seu tramo lucense J. Cornide nun documento publicado por Felipe Arias².

* Xoán L. Vázquez Gómez é Licenciado en Xeografía e Historia, especialidade Prehistoria e Arqueoloxía, pola Universidade de Santiago de Compostela. Como arqueólogo contratado polo Concello da Coruña, realizou numerosas excavacións nesta cidade, se ben os seus intereses van máis aló, estudiando a vía romana de *Lucus Augusti* a *Braccara Augusta*, etc.

¹ Agradecemos a Alfredo Erias a comunicación deste achádego, así como as facilidades dadas para a realización deste pequeno traballo.

² ARIAS VILAS, F: "Un documento de J. Cornide a propósito do tramo viario *Lucus-Brigantium*". *Gallaecia* 6. 1980. pp. 259 e ss.



Localización da Estela de Recebés, con outros achádegos e xacementos relevantes da zona.

O fragmento conservado está realizado en granito do país, de grao medio, cunhas dimensións de 42 cms. de alto por 41 cms. de ancho e 6 cms. de grosor. Corresponde ó rexistro superior, rematado en forma semicircular, dos tres que, normalmente, forman o corpo principal dunha estela. A parte anterior, destinada a ser visible, está bordeada por unha moldura cun suco, formando unha especie de orla, o mesmo que sucede coa estela de Julio Severiano atopada en Cidadela³.

Na parte superior, no lugar central, presidindo o resto das representacións, leva un crecente luar, cos cornos cara arriba, como sucede na xeneralidade das estelas, agás unha de

³ PEREIRA MENAUT, G. (Director): "Corpus de inscripcíons romanas de Galicia. I Provincia de A Coruña". Consello da Cultura Galega. Santiago 1991. p. 99.



Estela romana de Recebés, segundo fotografía e reconstrucción de Alfredo Erias.

Vigo⁴. Baixo este crecente luar sitúase un disco radiado completo e dous máis incompletos. No punto central destes tres discos inscríbese unha cabeza humán, cunha lixeira inclinación cara á esquerda. Con seguridade falta outro disco na parte fragmentada, que formaría o cuarto vértice do cuadrado no que iría inscrita a cabeza (Lámina 2).

A simboloxía aquí representada é común á maioría das estelas atopadas en Galicia. O crecente é, con moito, o máis frecuente.

Na súa valoración simbólica aparece vinculado a cultos de tradición indíxena (Estrabón fala do culto á lúa por parte dos habitantes do Norte peninsular). En Asia Menor tamén se daba culto á lúa, polo que Cumont⁵ di que foi o exército quen introduxo estas crenzas en Galicia. García y Bellido⁶ fala dunha "superposición de ideas e símbolos". Sexa cal sexa a sua orixe, o que é indubidable é que existe unha estreita relación entre a lúa e os mortos, tal como se reflexa nas estelas funerarias. A cabeza cabe interpretala como un retrato idealizado do defunto. Esta parte da anatomía ten unha grande valoración na arte prerromana e na arte céltica en xeral⁷.

En tanto ós discos, a maioría dos autores coinciden en asimilalo a un corpo astral, seguramente ó sol, pola súa asociación ó crecente en grande parte das estelas; nembargantes, no caso presente, xurde a problemática do seu número, polo que podería representar a outro tipo de astro, quizás unha constelación.

Esta simboloxía está extendida por toda a romanidade. A súa procedencia, no caso galego, acláranola F. Acuña Castroviejo⁸ no seu magnífico estudio sobre as aras e estelas de Galicia en época romana, e do que non nos resistimos a copiar a súa conclusión:

"lo que es indudable es la existencia de un substrato indígena de creencias en el más allá, que se transmite veladamente a las gentes que viven ya en época romana y que salen de su letargo cuando, como consecuencia de la mayor liberalización que experimentan los territorios sometidos a Roma, se produce un renacimiento indígena en todo el ámbito provincial.

Y este renacimiento se plasma en la plástica y en este caso concreto en el relieve. Por otra parte, a la existencia de esta simbología, parcialmente al menos en el ámbito nativo, se podría superponer el impulso dado por los elementos militares cuando, procedentes de sus acuartelamientos, llegaron a asentarse en nuevos territorios trayendo consigo las creencias adquiridas en su estancia en tierras ajenas. Desde este punto de vista podría pensarse en una conjunción de fuerzas: la nativa y la foránea, que producirían, de su mezcla, toda la simbología y decoración de las estelas".

No tocante á cronoloxía, é imposible dar unha data precisa para un fragmento como o aquí estudiado; de tódolos xeitos, pensamos que pode ter a mesma datación que a outorgada para o numeroso grupo de estelas aparecidas enteiras, e que, a maioría dos autores sitúa no século III. □

⁴ RODRIGUEZ LAGE, S.: "Las estelas funerarias de Galicia en época romana". Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo". Ourense 1974. p. 63.

⁵ CUMONT, F.: "Recherches sur le symbolisme funéraire des Romains". Paris 1942. p. 252.

⁶ GARCIA BELLIDO, A.: "Esculturas romanas de España y Portugal". Madrid 1949. p. 331.

⁷ FARIÑA BUSTO, F. e GARCIA ALEN, A.: "La estela funeraria romana de Sabarigo (Sta. María de Cela, Pontevedra). *Gallaecia* 3/4. 1979. p. 321.

⁸ ACUÑA CASTROVIEJO, F.: "Notas sobre la morfología y la decoración en las aras y estelas de Galicia en la época romana". *Studia Archeologica* 32. 1974. pp. 27-28.